

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 5 DE XANEIRO DE 2023

Ás 10:30 horas do día 5 de xaneiro de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 30 de decembro de 2022, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente/a: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos de Dirección de Ingresos
D. Jesús Núñez Torrón, xefe da Área de Benestar Social (asiste aos puntos 2b e 4b)
D^a. Carla Candia Paz, xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (asiste ao punto 11b)
D. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste ao punto 11c)

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa Cidade de Londres (anos 2023-2025) (8.283-104) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co mesmo.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 19 de decembro de 2022, o 26 de decembro de 2022, se concedeu un prazo de tres días ao único licitador presentado, RYANAIR DAC, para que emendase a documentación presentada. En concreto:

- O representante do operador económico indicado tanto no DEUC como no Anexo II



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:02	Páxina 1 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA49-EHB7B8-BB452E-M1DGNF-VAV1UP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

do PCAP (D. Raymond Kelliher) non coincide coa sinatura dixital (D. Manuel Gallego). Se o representante con poder de representación é o indicado na documentación deberase presentar un novo DEUC e un novo Anexo II asinados dixitalmente por D. Raymond Kelliher. Se, pola contra, o representante con poder de representación é D. Manuel Gallego deberase indicar tal circunstancia tanto no DEUC como no Anexo II.

- En todo caso, a parte III "Motivos de exclusión" do DEUC deberá estar debidamente cumprimentada. No DEUC presentado figuran boa parte destes motivos sen responder.

O licitador requirido presentou a documentación dentro do prazo concedido e logo da cualificación da mesma, a Mesa acorda, por unanimidade admitir neste procedemento a RYANAIR DAC por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231.895-301)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. AUTOCARES IGLESIAS, S.L. (lote 3)
 2. AUTOMOVILES DE TUY, S.A. (lote 3)
 3. AUTOS GONZALEZ, S.L. (lote 3)
 4. EMPRESA VIUDA DE J. DOMINGUEZ, S.L. (lote 3)
 5. FITCIONES (lote 1)
 6. NASCOR FORMACIÓN, S.L.U. (lote 1)
 7. OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L. (lote 1)
 8. SERVIPLUSTOTAL, S.L. (lote 1)
- b) Outorgar un prazo de tres días ao seguinte licitador para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
 1. AL ALBA EMPRESA DE SERVICIOS EDUCATIVOS, S.L. (lotes 1, 2 e 3). En



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:02	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA49-EHB7B8-BB452E-M1DGNF-VAV1UP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



concreto deberá:

- Presentar o Anexo II correctamente cumprimentado e asinado dixitalmente xa que o documento presentado so contén a sinatura do representante.
- Presentar novo DEUC no que indique os lotes nos que realmente participa xa que no documento presentado so indica que se presenta ao lote 1, mentres que, na plataforma de contratación do sector público, aparece presentado aos lotes 1, 2 e 3.

3- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa Cidade de Londres (anos 2023-2025) (8.283-104)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co único licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co mesmo.

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda requirir a emenda ao único licitador presentado para que suscriba, mediante escrito asinado dixitalmente polo representante con poder de representación, a proposición presentada no sobre B en data 15 de decembro de 2022 as 23:02 horas, xa que a persoa que firma dixitalmente a documentación non é a mesma que firma manualmente a mesma. Asemade, no caso do que o licitador teña coñecemento de que, a documentación presentada no sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula", adolece da mesma falla, requíreselle, de cara a non demorar innecesariamente o procedemento, que suscriba no mesmo escrito a oferta presentada no sobre C, sin desvelar, en ningún caso, ningún aspecto da mesma xa que isto daría lugar á exclusión do licitador do procedemento en base aos artigos 139.2 e 146.2 da LCSP e dos artigos 26 e 30.2 do RD 817/2019 de desenvolvemento parcial da Lei 30/2007, vixente no que no se opoña á LCSP.

Ao mesmo tempo e tendo en conta o anterior requirimento, a Mesa acorda, tamén por unamidade, solicitar informe sobre a documentación do sobre B ao servizo xestor unha vez emendada a documentación.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231.895-301)

Retírase do orde do día por ser necesario requirir a un dos licitadores presentados a emenda da documentación do sobre A

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202)

Retírase da orde do día



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:02	Páxina 3 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA49-EHB7B8-BB452E-M1DGNF-VAV1UP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (1.280-322)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (1.280-322)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º Aprobar o expediente de contratación (1280/322) por procedemento aberto de tramitación ordinaria dos "SERVIZOS DE APOIO TÉCNICO Á OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO E FORMACIÓN ÁS PERSOAS VOLUNTARIAS E ENTIDADES DE VOLUNTARIADO".

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 22 de agosto de 2022 e o prego de cláusulas administrativas de 13 de setembro, que rexerán a contratación do "SERVIZOS DE APOIO TÉCNICO Á OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO E FORMACIÓN ÁS PERSOAS VOLUNTARIAS E ENTIDADES DE VOLUNTARIADO".

3º.- Aprobar o gasto de 113.675,43 € para a contratación dos "SERVIZOS DE APOIO TÉCNICO Á OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO E FORMACIÓN ÁS PERSOAS VOLUNTARIAS E ENTIDADES DE VOLUNTARIADO" con cargo ás aplicacións orzamentarias 9251 2279900 "ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS" (Lote I "Apoio técnico") e 9251 2279902 "FORMACIÓN VOLUNTARIADO" (Lote II "Formación a persoas voluntarias e entidades"), do vixente orzamento do concello de Vigo do ano 2022, distribuídos do xeito seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:02	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA49-EHB7B8-BB452E-M1DGNF-VAV1UP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Ano 2022	Ano 2023	Ano 2024	Aplicación orxamentaria
Lote 1	2.776,76	41.318,26	38.541,49	9251 2279900
Lote 2	1.042,97	15.519,46	14.476,49	9251 2279902
Total	3.819,73	56.837,72	53.017,98	

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 20 de decembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón das exclusións de EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS, S.L. (lote 1) e AVADA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA (lote 2), acordadas pola Mesa de Contratación na sesión do 14 de decembro de 2022, por incorporar no sobre B información relativa aos criterios avaliados a través de fórmula (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2B do PCAP).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (1.280-322) na seguinte orde descendente:

- Lote I "Apoyo técnico"

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	ATELIER SOCIAL, S.L.	95,46 puntos
2	AVADA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	73,18 puntos

- Lote II "Formación a persoas voluntarias e entidades"

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	ATELIER SOCIAL, S.L.	97,00 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, ATELIER SOCIAL, S.L. (B-32.437.360), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:02	Páxina 5 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA49-EHB7B8-BB452E-M1DGNF-VAV1UP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ATELIER SOCIAL, S.L., o día 20 de decembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 2 de xaneiro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de xaneiro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ATELIER SOCIAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ATELIER SOCIAL, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 12 de decembro de 2022 e 15 de decembro de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón das exclusións de EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS, S.L. (lote 1) e AVADA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA (lote 2), acordadas pola Mesa de Contratación na sesión do 14 de decembro de 2022, por incorporar no sobre B información relativa aos criterios avaliábeis a través de fórmula (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2B do PCAP)
2. *Adxudicar a ATELIER SOCIAL, S.L. (B-32.437.360) o Lote I "Apoio técnico" do*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:02	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA49-EHB7B8-BB452E-M1DGNF-VAV1UP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (1.280-322) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 74.166,51 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.871,87 euros.*
- b) *Propón 10 xornadas informativas organizadas de xeito presencial, dirixidas ao fomento do voluntariado nos referidos colectivos e/ou ámbitos da Cidade, especialmente en centros educativos e sanitarios, entidades deportivas, culturais, asistenciais, veciñais, centros cívicos.*
- c) *Propón un incremento de horas de apoio técnico de 180 horas (a maiores do mínimo de 1.800 horas fixado na cláusula 2 do PPTP).*

3. *Adxudicar a ATELIER SOCIAL, S.L. (B-32.437.360) o Lote II "Formación a persoas voluntarias e entidades" do procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (1.280-322) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 26.440,92 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.588,92 euros.*
- b) *Propón un incremento de horas de formación presencial de 40 horas (a maiores do mínimo de 65 horas fixado na cláusula 5 do PPTP).*
- c) *Propón un incremento das horas de formación "online" de 10 horas (a maiores do mínimo de 15 horas fixado na cláusula 5 do PPTP).*
- d) *Propón 2 campañas de fomento da formación do voluntariado dirixidas á poboación en xeral por medios offline ou a mozos e mozas por redes sociais*
- e) *Propón 2 campañas de fomento da formación do voluntariado dirixidas a entidades de voluntariado por medios offline ou entidades de voluntariado por redes sociais.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro (renting), conservación, reparación, limpeza-descontaminación e substitución das prendas de intervención e EPIs asociados para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.712-213)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:02	Páxina 7 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA49-EHB7B8-BB452E-M1DGNF-VAV1UP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro (renting), conservación, reparación, limpeza-descontaminación e substitución das prendas de intervención e EPIs asociados para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.712-213)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro, conservación e limpeza do equipamento de uniformidade de intervención para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 31 de agosto de 2022.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data de 20 de setembro de 2022.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 1.488.179,00 euros, do que 258.279,00€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13602210400 " Renting vestuario Especial" do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 20 de decembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro (renting), conservación, reparación, limpeza-descontaminación e substitución das prendas de intervención e EPIs asociados para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.712-213) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	SAGRES, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SAGRES, S.L. (B-36.028.991), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:02	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA49-EHB7B8-BB452E-M1DGNF-VAV1UP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SAGRES, S.L., o día 20 de decembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 3 de xaneiro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de xaneiro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SAGRES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SAGRES, S.L., de acordo co informe de valoración das mostras presentadas de data 19 de decembro de 2022 e as actuacións da Mesa de contratación.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. Adxudicar a SAGRES, S.L. (B-36.028.991) o procedemento aberto para a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:02	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA49-EHB7B8-BB452E-M1DGNF-VAV1UP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

contratación do subministro (renting), conservación, reparación, limpeza-descontaminación e substitución das prendas de intervención e EPIs asociados para o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.712-213) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 1.487.223,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 258.113,10 euros.
- b) Propón como tempo de recollida e entrega dos EPIs: 64 horas nos 365 días do ano.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 17:02	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA49-EHB7B8-BB452E-M1DGNF-VAV1UP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		